

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDI-
NARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 3 DE ABRIL DE 2017.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 27 DE MARZO DE 2017.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 13/2017 de data 27 de marzo de 2017.

2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.1.-Acordouse conceder LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para o exercicio da actividade consistente en restaurante e comercio de produtos da terra na praza da Torre, 6 – Lalín.

3.- CAMBIO DE TITULARIDADE.

3.1.- Acordouse PROCEDER Á RECTIFICACIÓN DE ERROS DETECTADOS NO ACORDO, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN SESIÓN DE 13/01/04, DE RECOÑECEMENTO DA EXPLOTACIÓN GANDEIRA situada no lugar de Cangas – Lalín.

4.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

4.1.- Acordouse Estimar a concorrencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín POLOS DANOS QUE SE LLE OCASIONARON A UN VEHÍCULO COMO CONSECUENCIA DUN DEFECTUOSO MANTEMENTO DUN VIARIO PÚBLICO DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

5.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL.

5.1.- Acordouse recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 462,07 €.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00026 por importe de 92.580,80 €.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por un importe de 3.279,71 euros (IVE incluído).

7.2.- Acordouse autorizar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente na rúa Areal, núm.64 baixo-Lalín.

7.3.- Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 06/2017 con carácter definitivo.

7.4.- Acordouse solicitar a subvención regulada ao abeiro da Orde do 8 de marzo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017.

7.5.- Acordouse aprobar o Proxecto do Obradoiro de Emprego “RIVERO SOCIAL LALÍN II”, nos termos que constan nas memorias que se unen ó dito proxecto.

7.6.- Acordouse solicitar á Deputación de Pontevedra a reinversión de parte das baixas sobrantes dos investimentos xa executados e xustificadas para o seguinte proxecto correspondente á Liña 1: Investimentos.

8.- CORRECCIÓN DE ERROS.

8.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de marzo de 2017, no punto 11.9.

8.2.- Visto o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de marzo de 2017, no punto 11.10.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para a colocación de publicidade nas portas traseiras do vehículo co que presta o servizo de taxi.

9.2.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso do Salón Teatro de música o vindeiro venres día 7 de abril de 2017 de 11:00 horas ás 14:00 horas con motivo dunha charla informativa.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:30 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.